

NORMAS DE ORGANIZACIÓN e FUNCIONAMENTO REGULADORAS DO DEREITO DE REUNIÓN e DAS DECISIÓNS COLECTIVAS DE NON ASISTENCIA A CLASE DO ALUMNADO

Aprobadas polo Consello Escolar na sesión ordinaria do 23/10/2014

Polo que atinxe ao sector do alumnado, a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, na súa disposición final 1ª, punto 5, establece que:

Co fin de estimular o exercicio efectivo de participación dos alumnos nos centros educativos e facilitar o seu dereito de reunión, os centros educativos establecerán, ao elaboraren as súas normas de organización e funcionamento, as condicións en que os seus alumnos poden exercer ese dereito. Nos termos que establezan as administracións educativas, as decisións colectivas que adopten os alumnos, a partir do terceiro curso de educación secundaria obrigatoria, con respecto á asistencia á clase non terán a consideración de faltas de conduta nin serán obxecto de sanción, cando estas fosen resultado do exercicio do dereito de reunión e sexan comunicadas previamente á dirección do centro.

Ademais, o Decreto 324/1996, de 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos IES, regula no seu Título V o funcionamento da Xunta de delegados/as de alumnos/as.

Procede, polo tanto, establecer as normas que se aplicarán no IES de Chapela, que integren e desenvolvan as devanditas normativas, e permitan que o alumnado exercite de maneira efectiva o seu dereito de reunión, regulando tamén o procedemento de non asistencia a clase como consecuencia de decisións colectivas tomadas no exercicio deste dereito.

1. DEREITO DE REUNIÓN

O dereito de reunión que permita o fluxo de información e a toma de decisións colectivas do alumnado garantírase a través de dúas estruturas de participación: a Xunta de delegados/as e as Asembleas de alumnado.

1.1. Xunta de delegados/as

1.1.1. A Xunta de delegados/as está integrada polos/as delegados/as dos distintos grupos e pola representación do alumnado no Consello Escolar.

1.1.2. A Xunta de delegados/as estará presidida por un dos seus membros elixido entre os seus compoñentes.

1.1.3. É competencia da persoa que preside a Xunta:

- a) Convocar as reunións que se precisen.
- b) Presidir as reunións e coordinar as mesmas.
- c) Responsabilizarse de que se levante acta das reunións.
- d) Facer chegar as propostas da Xunta de delegados/as aos distintos órganos de dirección ou de coordinación didáctica do centro.

1.1.4. A Xunta de delegados/as poderá reunirse en pleno ou, cando a natureza dos problemas o faga máis conveniente, en comisións que reúnan os/as delegados/as dun curso ou dunha das etapas educativas que se impartan no instituto, logo do coñecemento do director ou directora e sen que isto implique alteración no normal desenvolvemento das actividades docentes.

1.1.5. Corresponde ao xefe ou xefa de estudos no inicio de cada curso escolar convocar a primeira Xunta de delegados/as para a elección do/a seu/súa presidente/a en colaboración cos representantes dos alumnos e alumnas no Consello Escolar.

1.1.6. A Xunta de delegados/as terá as seguintes funcións:

- a) Elevar ao equipo directivo propostas para a elaboración do proxecto educativo do instituto por iniciativa propia ou por petición daquel.
- b) Informar aos representantes dos alumnos e alumnas no Consello Escolar dos problemas de cada grupo ou curso.
- c) Recibir información dos representantes dos alumnos e alumnas no Consello Escolar sobre os temas tratados nel, e das confederacións, federacións estudiantís e organizacións xuvenís legalmente constituídas.
- d) Elaborar informes para o Consello Escolar por iniciativa propia ou por petición deste.

- e) Elaborar propostas de modificación do regulamento de réxime interior, dentro do ámbito da súa competencia.
- f) Informar aos alumnos e alumnas do centro das actividades da Xunta de delegados.
- g) Formular propostas ao xefe ou xefa de estudos para a elaboración dos horarios e ao xefe ou xefa do departamento de actividades complementarias e extraescolares para a organización das mesmas.
- h) Debater os asuntos que vaia tratar o Consello Escolar no ámbito da súa competencia e elevar propostas de resolución aos seus representantes nel.
- i) Tomar a decisión colectiva de non asistencia a clase de acordo co regulado no apartado 2. das presentes normas.

1.1.7. Cando o solicite, a Xunta de delegados/as, en pleno ou en comisión, deberá ser oída polos órganos de goberno do instituto, nos asuntos que, pola súa índole, requiran a súa audiencia e, especialmente, no que se refire a:

- a) Celebración de probas e exames.
- b) Establecemento e desenvolvemento de actividades culturais e deportivas no instituto.
- c) Presentación de alegacións e reclamacións nos casos de abandono ou incumprimento das tarefas educativas por parte dalgún membro do equipo docente do instituto.
- d) Alegacións e reclamacións sobre a obxectividade e eficacia na valoración do rendemento académico dos alumnos e alumnas.
- e) Proposta de sancións aos alumnos e alumnas pola comisión de faltas que leven aparellada a incoación de expediente.
- f) Libros e material didáctico que sexa obrigatorio utilizar no instituto.
- g) Outras actuacións e decisións que afecten de modo específico aos alumnos e alumnas.

1.1.8. O equipo directivo facilitaralle á persoa que ocupe a presidencia da Xunta de delegados/as a convocatoria da mesma cando esta o requira, podendo repartirse a convocatoria cos partes de faltas do alumnado. Proverase tamén dun espazo adecuado para que se poidan realizar as xuntanzas.

1.2. Asembleas de alumnado

1.2.1. O alumnado poderá realizar xuntanzas no IES Chapela para exercer o seu dereito de reunión, tanto en relación a temas escolares como extraescolares.

1.2.2. A dirección do IES Chapela garantirá o exercicio do dereito de reunión do alumnado dentro do horario do Centro e proverá ao alumnado dun espazo adecuado para realizar a xuntanza.

1.2.3. Procurarase empregar os recreos para tal fin, e se non rematase a reunión nese período poderase continuar no período de clase seguinte.

1.2.4. Os/As representantes do alumnado deberán solicitar a convocatoria de asemblea á Dirección do IES Chapela cun mínimo de 24 horas de antelación para que esta lle garanta o espazo e horario adecuado. Na solicitude deberá constar: data e hora da asemblea; destinatarios/as; orde con temas a tratar; nome/s e D.N.I. do/a solicitante/s.

Doc. 1

1.2.5. Os/as convocadores da asemblea poderán realizar propaganda e anunciar a reunión por medio de carteis e con notas informativas a repartir xunto aos partes de clase o día da mesma.

1.2.6. No caso de que algunha organización ou sindicato estudantil quixese realizar no centro unha asemblea informativa terá que identificarse e realizar a correspondente solicitude á Dirección do IES Chapela nos termos sinalados no punto 1.2.4. Do mesmo xeito poderán informar mediante carteis e con notas informativas da celebración da mesma.

2. DECISIONS COLECTIVAS DE NON ASISTENCIA A CLASE

2.1. A decisión colectiva de non asistencia a clase deberá ser resultado do exercicio de dereito de reunión exercitado nos termos anteriormente expostos.

2.2. O alumnado de 1º e 2º ESO non ten dereito a participar nas decisións colectivas de non asistencia a clase nin a non asistir a clase facendo uso dese dereito.

2.3. A Xunta de delegados/as, reunida para ese fin, e na que os/as delegados/as de 1º e 2º da ESO, en calidade de oíntes, non poderán votar, será a encargada de tomar a decisión colectiva da non asistencia a clase. As delegadas e delegados, como representantes do grupo, serán as encargadas e encargados de levar o sentir maioritario do seu grupo á asemblea.

2.4. Previamente poderán realizarse asembleas informativas, convocadas de acordo co apartado 1.2. das presentes normas, abertas a todo o alumnado nas que a través do coñecemento das causas da convocatoria para a non asistencia a clase, a decisión final do alumnado poida ser meditada e responsable.

2.5. Na Xunta de delegados/as descrita no apartado 2.3. deberá levantarse unha acta que será entregada á Dirección do IES Chapela na que constará: motivos e datas da non asistencia a clase, incluíndo documento de convocatoria de non asistencia a clase se esta procede dun sindicato ou organización de estudantes; número de votos emitidos, a favor, en contra e abstencións; apelidos e nome, grupo representado e sinatura dos delegados/as, subdelegados/as no seu caso, e representantes do Consello Escolar presentes.

Doc. 2

2.6. Por motivos organizativos, a Xunta de delegadas e delegados deberá realizarse cun mínimo de catro días de antelación en relación ao comezo da non asistencia a clase por parte do alumnado, ou á primeira data se fosen máis dunha.

2.7. No momento en que a Dirección do IES Chapela sexa coñecedora da decisión colectiva de non asistencia a clase resultado do exercicio de dereito de reunión, enviará unha circular dirixida ás nais e pais, titores/as do alumnado, na que se explique esta situación e o proceder nesos días.

Doc. 3

2.8. A/O delegada/o informará ao alumnado do seu grupo da decisión tomada na Xunta de delegadas/os e en caso de que naquela a postura da non asistencia a

clase fose maioritaria, recollera os nomes das alumnas e alumnos do grupo que vaian acollerse a este dereito nun documento que lle será facilitado pola Dirección do IES Chapela. No mesmo rexistrarase nome, D.N.I, sinatura, e día ou días nos que non se asistirá a clase. Ademais os menores de idade deberán deixar constancia de tal circunstancia.

Doc. 4

2.9. Os/as menores de idade que se acollan á decisión colectiva da non asistencia a clase deberán contar cunha autorización da nai/pai ou titor/a legal, cubrindo un modelo que poderán recoller en conserxería.

Doc. 5

2.10. Tanto o documento cos nomes do alumnado que non asistirá a clase, como as autorizacións pertinentes dos/as menores, serán recollidos polo/a titor/a do grupo e entregados á Xefatura de Estudos cun mínimo de 24 horas de antelación ao inicio da non asistencia a clase.

2.11. A Xefatura de Estudos do IES Chapela marcará nos partes de cada grupo o alumnado que, seguindo o funcionamento regulador do IES Chapela, se acolleu á decisión colectiva de non asistencia a clase, para poder diferenciarlo daquel con faltas de asistencia comúns ou de absentismo libre.

2.12. O alumnado que apoie a decisión colectiva de non asistencia a clase non acudirá ao IES Chapela no día ou días sinalados para realizar ningunha actividade.

2.13. Como en situacións de normalidade académica, ningún alumno/a menor de idade poderá abandonar o IES Chapela sen a autorización pertinente.

2.14. As faltas de asistencia do alumnado que se sume á decisión colectiva de non asistencia a clase, consideraranse xustificadas sempre e cando esta decisión fose froito do exercicio de dereito de reunión, e siga o procedemento regulador aquí desenvolvido.

2.15. O alumnado que non se sume á decisión colectiva de non asistencia a clase, ten o dereito e o deber de asistir ao centro e recibirá clase normalmente.

2.16. O profesorado proseguirá o desenvolvemento normal da materia, e mesmo cando non houbera ningún/ha alumno/a presente, poderá dar materia por explicada ou actividades por realizadas. Destas circunstancias informaráselle ao alumnado cando continúen as clases con normalidade.



2.17. En ningún caso poderán realizarse exames, probas de avaliación ou recollida de traballos, nas datas da decisión colectiva de non asistencia a clase, se algún alumno ou alumna dun grupo se suma á non asistencia nos termos acordados.

Doc. 1. Solicitude de convocatoria de asemblea de alumnado.

Sr. Director do IES Chapela:

En data _____ e hora _____, temos a intención de
celebrar no IES Chapela unha asemblea dirixida a

Coa seguinte orde de temas a tratar:

É por isto que solicitamos a súa autorización, ademais do espazo e as
condicións adecuadas para celebrar a mesma.

Nome e apelidos	DNI	Sinatura

Chapela, a _____ de _____ 20__

Doc. 3. Comunicación ás familias da decisión colectiva de non asistencia a clase por parte do alumnado.

Estimadas familias:

Dirixímonos a vós para comunicarvos que os días 16, 17 e 18 de agosto está convocada polo Sindicato de Estudiantes unha folga de estudantes que afecta aos/ás vosos/as fillos/as, titorandos/as, salvo os/as que cursen 1º e 2º ESO. Acolléndose ao dereito de reunión, e celebrando a Xunta de delegadas/os no IES Chapela en data de 1 de agosto, o alumnado do Centro sumouse á decisión colectiva de non asistencia a clase en protesta pola suba do prezo do Vitrasa.

O alumnado que apoie a decisión colectiva de non asistencia a clase, non acudirá ao IES Chapela nos días sinalados para realizar ningunha actividade. Como en situación de normalidade académica, ningún alumno/a menor de idade poderá abandonar o IES Chapela sen a autorización pertinente. As faltas de asistencia do alumnado que se sume á decisión colectiva de non asistencia a clase, consideraranse xustificadas. O alumnado que non se sume a esta convocatoria ten o dereito e o deber de asistir ao Centro e recibirá clase normalmente. O profesorado proseguirá o desenvolvemento normal da materia. En ningún caso poderán realizarse exames, probas de avaliación ou recollida de traballos nestes días, sempre e cando algún alumno ou alumna do grupo onde se vaian realizar ou entregar, participe na decisión colectiva de non asistencia.

Todo o alumnado menor de idade que participe desta decisión deberá contar cunha autorización da nai/pai ou titor/a cubrindo un modelo que poderá recoller en conserxería e que entregará ao seu titor/a.

Chapela, a 7 de agosto de 2018

O Director

Miguel Pérez Lorenzo

**Doc. 5. Autorización para os menores idades que queiran acollerse á
decisión colectiva de non asistencia a clase.**

D. / D^a. _____ DNI _____

pai / nai, titor/a do alumno/a _____ do curso _____

Autorizo ao meu fillo/a, titorando/a, sumarse á decisión colectiva de non asistencia
a clase o/os día/días _____.

Chapela, a _____ de _____ 20__

Asdo.:

D. / D^a. _____ DNI _____

pai / nai, titor/a do alumno/a _____ do curso _____

Autorizo ao meu fillo/a, titorando/a, sumarse á decisión colectiva de non asistencia
a clase o/os día/días _____.

Chapela, a _____ de _____ 20__

Asdo.: